

Transmisión interxeracional do galego no contexto multilingüe catalán

SABELA LABRAÑA (Universitat de Barcelona) e IAGO GONZÁLEZ (Universidade de Vigo)

Resumo

Nas sociedades multilingües, onde se dan con maior frecuencia os casos de parellas mixtas lingüística-mente, interesa especialmente estudar os patróns de transmisión lingüística interxeracional para averiguar cales son os factores que máis inciden nas condutas lingüísticas. O estudo da transmisión do galego en Cataluña e nas Illas Baleares no contexto desas familias pode contribuír a botar luz neste asunto. Neste traballo, elaborado no seo do Proxecto Evotranling¹ cunha metodoloxía cualitativa, expomos os resultados dunha serie de entrevistas feitas a varias familias das zonas mencionadas nas que un dos membros da parella é de orixe galega. Téntase con elas descubrir cales son as actitudes e os comportamentos lingüísticos tanto entre os membros da parella como na súa interacción cos fillos, así como as proxeccións dos marcos interpretativos das sociedades de orixe (catalá e galega) sobre as ideoloxías explícitas e implícitas que guían estes comportamentos.

Palabras clave: Transmisión lingüística interxeracional, ideoloxías lingüísticas, multilingüismo, linguas minoritarias.

Abstract

Multilingual societies, where cases of linguistically mixed couples abound, are especially interesting for the study of intergenerational linguistic transmission patterns, in order to detect the most influential factors in linguistic behaviour. Studying the transmission of Galician language within families living in Catalonia and the Balearic Islands may contribute to shed light on this issue. In this paper, elaborated within the project Evotranling, according to a qualitative methodology, we aim at explaining the outcome of several interviews with several mixed families with at least one of their members originating from Galicia and living in the aforementioned areas. We tried to detect linguistic attitudes and behaviours between the members of the couple as well as in their interaction with the children. Furthermore, we analysed the projection of the corresponding interpretive frames of their societies of origin (Catalan and Galician) onto the explicit and implicit ideologies that drive these attitudes and behaviours.

Key words: Intergenerational linguistic transmission, language ideologies, multilingualism, minority languages.

¹ *Evolución y transmisión de los grupos lingüísticos (EVOTRANLING)*, financiado polo Ministerio de Educación y Ciencia, código HUM2006-04395/FILO, do 2006 ao 2009.

Por máis que a civilización occidental en materia lingüística tendeu durante séculos ao monolingüismo social, cando menos no plano ideolóxico, o certo é que as sociedades historicamente foron e son multilingües. Esa tendencia ao monolingüismo foi xerando un proceso que acabou por provocar a desaparición, o debilitamento e a infravaloración das linguas non nacionais, de tal xeito que a homoxeneización lingüística chegou a ser asumida como un feito ata polos propios falantes das linguas desprestixiadas. Mais a conxuntura histórica actual, con sociedades formadas por colectividades culturais e lingüísticas ben diversas enfrontáanos a unha realidade que xa non se pode obviar: o contacto de linguas e culturas distintas nunha mesma sociedade e, xa que logo, a necesidade de articular ese enorme potencial que supón a diversidade lingüística.

Hoxe en día, o multilingüismo existente na sociedade debe terse moi en conta á hora de elaborar unha planificación lingüística responsable, para evitar posibles riscos de exclusión social e fomentar así a cohesión da cidadanía (Pennycook, 2001). Superar a visión monolingüista tradicional, que considera unha rareza a existencia de varias linguas nunha comunidade, ou que considera o multilingüismo social como a existencia de colectividades lingüísticas separadas e delimitables, é un reto que cómpre afrontar con urxencia (Ellis, 2009).

Desde o punto de vista individual, non hai que esquecer os esforzos levados a cabo pola Unión Europea para fomentar o multilingüismo dos cidadáns, considerado un recurso cognitivo e cultural de enorme valor (Comisión Europea, 2009). Esta valorización dos recursos lingüísticos das persoas pode ser especialmente relevante no contexto das familias mixtas, no que se dan contornos de socialización bi- ou trilingües con total normalidade. A maioría das veces, estes contextos familiares multilingües son resultado dos movementos migratorios, especialmente intensos nas zonas que foron obxecto do noso estudo (Cataluña e Mallorca). É nestes ámbitos familiares onde se atopa o lugar máis importante de preservación do patrimonio lingüístico-cultural achegado polos inmigrantes. De calquera xeito, non se debe esquecer que non todos os recursos lingüísticos dos inmigrantes son valorados da mesma maneira por eles mesmos e pola sociedade que os acolle. Neste senso, coidamos que a única forma de xestionar convenientemente o potencial lingüístico dunha comunidade na que conviven linguas con distintas evolucións históricas é impulsar un verdadeiro multilingüismo social, e iso pasa pola revalorización das linguas minorizadas.

Cataluña, con máis de 300 linguas de todo o mundo –entre elas, o galego– constitúe na actualidade un bo exemplo de sociedade multilingüe; tamén o son Mallorca e Valencia. Dentro deste contexto e tendo en conta que o catalán é aínda hoxe unha lingua non estatal e minorizada, ten particular interese coñecer o comportamento lingüístico das colectividades inmigrantes procedentes do Estado español e a súa incidencia na paisaxe lingüística catalá. Durante a Ditadura, as circunstancias políticas favoreceron as interaccións en castelán entre autóctonos e foráneos, de xeito que a lingua do país foi quedando cada vez máis restrinxida en ámbitos de uso e falantes. Arestora, restablecido o seu estatus e protexida dende o punto de vista legal, aínda o catalán non se converteu nunha lingua normalizada no seu ámbito lingüístico.

A colectividade galega, pola súa historicidade no territorio, ten unha presenza específica na sociedade catalá respecto doutras comunidades do Estado español. O feito de ter unha

lingua de seu pode xerar nos falantes actitudes e comportamentos lingüísticos diferentes aos dos monolingües de castelán. Os galegos ao chegar a Cataluña insírense nunha sociedade na que se fala unha lingua propia, a cal, a diferenza do galego, é defendida polos autóctonos. Será interesante observar a reacción dos falantes de lingua galega e comprobar se a evolución histórica da súa lingua inflúe na transmisión interxeracional ao viviren en países de fala catalá. Téñase en conta que entre os casos galego e catalán hai unha diferenza notable referida ao elevado grao de desprestixio da lingua galega, e que este factor é unha das razóns da interrupción da transmisión do galego aos fillos dentro e fóra do país.

A través deste estudo queremos dar conta das condutas lingüísticas de parellas mixtas catalán/galego, e detectar algunhas das múltiples variables que inciden nelas, centrándonos sobre todo no mantemento da lingua galega ou no seu abandono. É sabido que na evolución dunha comunidade lingüística interveñen unha morea de factores políticos, sociais e psicolóxicos que só poden ser avaliados dende a perspectiva da complexidade, e que explican diferentes efectos para uns mesmos condicionantes externos. Unha boa fonte de datos poden ser os proceso identitarios contemplados, tal como propón Àngels Massip, dende o punto de vista dunha identidade multidimensional e en construción continua (Massip, 2008).

1. METODOLOXÍA

1.1. O proxecto *Evolución y transmisión de los grupos lingüísticos (Evotranling)*

Co obxectivo de contribuír á construción dunha teoría explicativa dos procesos de transmisión interxeracional, a investigación do proxecto Evotranling –na que se enmarca este traballo– céntrase no estudo dos comportamentos lingüísticos e as ideoloxías que os sustentan en familias etnolingüísticamente mixtas de Cataluña, Mallorca e País Valenciano.

Para a obtención da datos, emprégase unha metodoloxía cualitativa, a través de entrevistas semidirixidas de final aberto (Hammer e Wildavsky, 1990), coas que se trata de pescudar a transmisión lingüística interxeracional en parellas formadas por falantes de lingua primeira catalán/castelán, catalán/italiano e catalán/galego. Ata o momento a investigación sociolingüística en Cataluña xirou principalmente ao redor do conflito catalán-castelán (Boix, 1993, 1996, 1997; Vila, 2003a, 2003b).

Actualmente, porén, a indiscutible composición multilingüe da sociedade catalá, esixe a ampliación do estudo a outras linguas; neste caso, optouse por unha lingua maioritaria europea (italiano) e outra das linguas do Estado español (galego), ambas as dúas con historicidade no territorio².

² O número de galegos en Cataluña, en 2008, segundo o Instituto de Estadística de Cataluña (Idescat), é dunhas 84.764 persoas, o cal representa o 1,2% da poboación catalá. Con relación a outros colectivos do Estado español en Cataluña, a poboación de orixe galega ocupa o sexto posto, despois de Andalucía, Extremadura, Castela e León, Aragón, e Castela a Mancha (Nogueira, 2005). No que fai ao número de italianos en Cataluña, ascende a 43.727 (datos do Idescat).

Na elaboración da mostra, outro criterio básico, ademais da parella ser mixta etnolingüísticamente, é ter algún fillo na escolaridade obrigatoria; trátase de poder observar o papel que xoga na socialización dos fillos e da familia un entorno escolar cunha presenza importante da lingua catalá –con diferente intensidade segundo os distintos territorios–. A entrevistada é principalmente á nai, xa que se considera un axente principal na transmisión da lingua aos fillos. No caso das parellas catalán/galego nas que a parte galega é o home, optamos por entrevistar os dous. Intentamos así ter acceso directo a variables psicolóxicas e ideolóxicas que inciden na conduta lingüística da persoa galega en Cataluña; entre elas, en que medida repercute a situación de minorización vivida da lingua galega na escolla de linguas na sociedade catalá onde se desenvolve a vida do núcleo familiar.

Mediante a entrevista semiestruturada³ obtense unha historia de vida dos informantes. Este tipo de entrevista xera moito espazo para a xustificación ou explicación de condutas e actitudes, así como para a expresión de reflexións sobre lingua e sociedade. A transcripción, que reflicte literalmente as palabras do entrevistado, segue o protocolo de transcripción do Corpus da Universidade de Barcelona (CUB)⁴.

1.2. As parellas catalán/galego

Para o presente estudo, entrevistáronse sete parellas de orixe lingüística catalá e galega (GL01-GL07), nas que a parte galega é a muller en dous dos casos, e o home, nos cinco casos restantes. Unha parte da mostra (GL01-GL04) obtívose en Cataluña, concretamente na área metropolitana de Barcelona; a outra parte (GL05-GL07), en Mallorca. As entrevistas de Barcelona foron realizadas pola coautora deste traballo, de grupo etnolingüístico galego e trilingüe na práctica diaria (galego, catalán, castelán); as de Mallorca polo equipo da Universitat de les Illes Balears.

O nivel de formación das mulleres enquisadas é medio-alto; tres delas teñen carreira universitaria e as outras catro, estudos de bacharelato. Canto ao nivel de formación das súas parellas, é equivalente na maioría dos casos ou inferior nalgúns. Todos os informantes galegos son migrantes de primeira xeración, por tanto, nados en Galicia. A chegada a Cataluña ou Mallorca produciuse en diferentes momentos a partir do ano 1975. O motivo máis xeral (aínda que non único) polo que deixaron Galicia foi a necesidade de atopar traballo, sobre todo a xente procedente do ámbito rural.

Atopar os informantes do perfil exixido para esta investigación foi unha tarefa difícil e complicada, pois non son frecuentes as parellas lingüísticamente mixtas catalán/galego con fillos en idade escolar obrigatoria. Entre o colectivo galego, son moito máis habituais as parellas homoxéneas ou mixtas castelán/galego.

³ Información exhaustiva sobre Evotranling poderase atopar na publicación conxunta que se está a elaborar, coordinada polo director do proxecto Emili Boix e a responsable da parte catalán/italiano, Rosa M^a Torrens.

⁴ As convencións de transcripción figuran no apéndice final.

2. TRABALLOS PREVIOS

Non existen estudos anteriores sobre parellas mixtas lingüisticamente catalán/galego, pero si contamos con algúns traballos (Labraña 1999 e 2000)⁵ que nos permitirán contrastar aspectos identitarios, actitudes ou comportamentos lingüísticos de dúas xeracións de galegos en Cataluña cos obtidos nesta investigación. A primeira xeración chegou a Cataluña durante a época franquista, nos anos 50 e 60 (Labraña 1999). Os entrevistados de segunda xeración son mozos universitarios de idades entre 20 e 25 anos (Labraña 2000)⁶.

Os devanditos estudos mostran a tendencia clara a un emprego maioritario do castelán, mentres o galego se mantén entre os membros da familia e rede de amizades anterior. Todos os novos contactos, sexan cos autóctonos ou con outros inmigrantes, fanse en castelán. As actitudes cara ao catalán evolucionaron desde unha certa cordialidade –antes da oficialización en 1979– ao rexeitamento xurdido do sentimento de imposición que abrollou sobre todo cos plans educativos de inmersión lingüística durante os anos 80. Neste senso a actitude e a práctica dos galegofalantes pódese equiparar á xeral dos monolingües casteláns en Cataluña nos que predomina a converxencia ao castelán (Boix, 1993, 1996). Parecería esperable que os falantes de galego, dadas as características etnolingüísticas propias, recoñecesen os dereitos do catalán, mais non foi así. Posiblemente ese recoñecemento obrigaríalles a facer o mesmo co galego, deixando ao descuberto a deslealdade coa súa lingua, feito de elevado custo en xentes que xa se viron forzados a abandonar a súa terra. A desestabilización identitaria que isto provoca nos emigrantes galegos pode, no entanto, ser compensada cunha hipervaloración do castelán: «o castelán é unha lingua de toda a vida e de sempre, coa que imos a todas partes» (Labraña 1999: 528). Por outra banda, obsérvase nestes casos a persistencia en xeral dunha ideoloxía monolingüista, que non acepta de forma natural a existencia de varias linguas no territorio dun mesmo estado, e que establece unha asociación unívoca entre lingua e nación. Iso fai que para estes falantes, tratar o tema da dignificación das linguas diferentes do castelán en España aumente a inseguranza evidente.

Na segunda xeración, xa cataláns de orixe galega (Labraña 2000), hai un grupo que mantén posicións moi semellantes á primeira xeración no tocante ao rexeitamento cara ao catalán e á hipervaloración do español, pero neles a cuestión identitaria resulta máis complexa, xa que ademais de España e Galicia, ten o compoñente catalá, ao ser Cataluña o lugar onde naceron e onde viven. Ao negaren o catalán, dalgún xeito negan a súa pertenza a Cataluña e procuran a súa identidade no castelán e na cultura española. Hai que salientar, porén, a presenza minoritaria de dous mozos que se adscriben identitariamente ás culturas catalá e galega, e utilizan a lingua galega en contextos relacionais galegos. Nos dous casos a lingua cos proxenitores foi o catalán, independentemente da que falasen os pais entre eles.

⁵ Ambas as dúas investigacións fixéronse con metodoloxía cualitativa (entrevistas semidirixidas de final aberto). Os informantes foron 10 en cada un dos estudos.

⁶ Os resultados mostran tres grupos de usos lingüístico habituais: monolingües en castelán (7), bilingües castelán/galego (3) e trilingües catalán/castelán/galego (2).

As linguas de relación entre as parellas dos devanditos estudos son o galego, nas homoxéneas galegas, ou o castelán. O motivo máis xeral que xustifica este uso é a inercia das primeiras interaccións; no caso da lingua ser o castelán, pode ser debido á que un dos compoñentes da parella non sexa galego, ou tamén a que un dos galegos sexa castelán falante. Nas linguas faladas cos fillos aparecen dúas tendencias; a maioritaria é a opción do castelán, co cal o sistema lingüístico da unidade familiar é monolingüe en castelán, ou bilingüe galego e castelán.

3. INFORMANTES E DATOS DO ESTUDO ACTUAL

A seguir expoñemos de forma esquemática a información de referencia sobre as parellas e as linguas de interacción cos fillos, que analizaremos nos apartados seguintes.

TÁBOA 1. DATOS SIGNIFICATIVOS DOS COMPOÑENTES DA PARELLA E DA TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL DAS LINGUAS DE ORIXE

Código Entrevista	Lugar residencia	Lugar de nacemento		L1 Parella		Fillos	Profesión		Lingua	
		PAI	NAI	PAI	NAI		PAI	NAI	P ↔ F	N ↔ F
GL01	Sant Cugat	Tarragona	Lugo	C	G/E	2	Profesor universidade	Profesora universidade	C ↔ C	G ↔ G
GL02	Barcelona	Barcelona	Ourense ⁷	C	G	1	Fisioterapeuta	Enfermeira	C ↔ C	C/G ↔ C
GL03	Barcelona	Córgomo (Ourense)	Barcelona	G	C	1	Traballador banco	Traball. banco	G ↔ C	C ↔ C
GL04	L'Hospitalet de Llobregat	Castroverde (Lugo)	Barcelona	G	E/C	1	Albanel	Auxiliar de farmacia	E/G ↔ E	C ↔ C
GL05	Porreres (Mallorca)	Galicia	MP	G	C	1	Camareiro	Recepcionista hotel	C ↔ C	C ↔ C
GL06	Porreres (Mallorca)	Galicia	MP	G	C	1	—	Traball. fábrica embutidos	E/G ↔ C	C ↔ C
GL07	Porreres (Mallorca)	Galicia	MP	E	C	3	—	—	E ↔ C	C ↔ C

⁷ Esta informante naceu en Madrid circunstancialmente, por traslado do pai, e volveu moi pequena para Ourense. Non ten ningún vínculo identitario coa cidade estricta de orixe. Por iso nos pareceu que facer constar o lugar de nacemento que aparece no DNI podería causar confusión no noso cadro de datos.

4. USOS LINGÜÍSTICOS ENTRE A PARELLA MIXTA CATALÁN/GALEGO

4.1. Linguas iniciais

No que fai á lingua de comunicació inicial da parella, na totalidade dos casos é o castelán. En xeral os membros da parella coñecéronse cando a parte galega había pouco que chegara a Cataluña e non tiña competencia pasiva na lingua autóctona. Xa que logo, nun primeiro estadio, a comunicación produciuse nunha lingua que non é a inicial de ningún deles pero é dominada polos dous.

[GL02, 637-642]

ENT e que lingua dominaba na [parella]/ Daquela ti xa falabas catalán/
 MAR [non]
 ENT [a ver si lembrás] non aínda
 MAR non non por eso eu con il falo en_ en castelán\
 ENT falas en castelán [xx]
 MAR [porque eu conocino] en castelán

[GL05, 51-52]

ENT per tant quant el vares conèixer sa primera relació que establíreu va ser en castellà\
 MAO sí sí\ el va venir a demanar feina allà on jo feia feina_ i era en castellà_ clar_

4.2. Linguas habituais

Da situación unívoca xeral que acabamos de ver na primeira fase de relación entre a parella parten tres tipos de práctica lingüística. Dúas das sete parellas manteñen como lingua de interacción o castelán, ou sexa, non se mantén a lingua primeira máis habitual de ningún dos interlocutores. Outras tres parellas adoptan o catalán como lingua de comunicación habitual, coa conseguinte acomodación da parte galega. Finalmente, as outras dúas parellas optan por unha comunicación bilingüe catalán/castelán. Cremos relevante chamar a atención para outra situación perfectamente posible na que non se produciría acomodación: a comunicación bilingüe catalán/galego, mais en ningún dos casos se pensou nesta posibilidade malia todos os galegos declarar unha boa competencia receptiva en catalán e os cataláns unha boa competencia receptiva en galego.




GRÁFICO 1. LINGUAS DAS INTERACCIÓNS HABITUAIS ENTRE AS PARELLAS LINGÜÍSTICAMENTE MIXTAS CATALÁN/GALEGO

A seguir coméntanse as tres tipoloxías devanditas. O motivo principal para manter o **castelán como lingua de uso habitual** é a norma que se estableceu ao comezo da relación entre os cónxuxes. Nas dúas parellas que continúan a empregar o castelán non houbo conversacións ou debate en torno ao tema; simplemente continúan falando na lingua na que se coñeceron e na que intimaron. Hai casos nos que este comportamento tamén queda reforzado pola comodidade nunha fala determinada (GL02).

[GL02, 751-756]

ENT e na casa en que lingua te sentes máis a gusto falando/
 MAR en_ [castelán\
 MAR [si] con i co_ co:s da casa eh/ cos do núcleo familiar bueno ca miña filla nunca falo en castella en castelán eh/

Noutros casos a comodidade non inflúe. Na parella GL04 mantense o castelán malia a informante catalá recoñecer que se sente máis cómoda falando en catalán.

[GL04, 521-526]

ENT eh_ tu quina llengua parles més còmodament/ o sigui te sents més a gust parlant/
 ROS jo el català\
 [...]

 ENT [...] ara continueu parlant en castellà\
 ROS [continuem parlant en castellà\
 FER [sí]

Nas parellas que declaran o **catalán como lingua de relación habitual** (GL01, GL03, GL05) produciuse unha alteración da posición inicial. Entre os factores que induciron o cambio, hai que salientar a consciencia e a firme decisión das mulleres. Dúas delas son de fala catalá, unha de Cataluña (GL03) e outra de Mallorca (GL05), a outra é galega (GL01).

[GL03, 369-371]

ELV ens vem conèixer estudiant llavors ell era el el el únic de tota la colla qui no parlava en català perquè no era [d'aquí llavors]
 ENT [si si si]
 ELV tot el grup li parlava amb ell en castellà\ pero quan ja es va acabar l'escola i ja vem començar diguem-ne a sortir i tot això ja li vaig dir escolta a mí se'm fa molt dici molt difícil mantenir la relació jo tenint-te que parlar a tu que el castellà no és la meua llengua i que tu també em parles en castellà que tú tampoc [no és la teua llengua ...]

[GL05, 44 – 45, 56-60]

ENT Com el va aprendre?
 MAO No li va quedar més nassos perquè es meu entorn és molt mallorquí i clar, va dir: o aquí aprenc o...»

- [...]
 MAO e:_ va començar_
 ENT que tu digueres_
 MAO no no:_ va ser el\ va ser el\
 ENT i quant ho va fer/
 MAO es temps que era aquí\ al cap d'un parei de mesos que vam començar a sortir amb pandilla_ i això_ i io veea que noltros no mollàvem pues no li va quedar més remei que:_ no és que a cap moment diguéssim clar has d'aprendre mallorquí_ és que el se va veure amb la necesitat d'aprendre-lo\

Tamén a muller da parella GL01 é unha persoa moi concienciada cara ás linguas minorizadas. Xa que logo, non resulta estraña unha conduta lingüística de achegamento ao catalán para poder manter a comunicación cos autóctonos na lingua propia do país. Por outra parte, tiña claro que falando o catalán na casa garantía a adquisición de competencia productiva nesta lingua.

- [GL01, 563- 578]
 ENT ah houbo algún cambio na vosa lingua de comunicación/
 MAX si\ porque empezamos, coñecímonos falando en castelán e cando eu viñen vivir pa aquí e aprendín catalán cambiamos\ e decidimos falar en catalán\
 ENT foi froito dunha decisión/ ou foi que empezaches así_ aos poucos/ (.)
 MAX a ver\ mm_ foi un pouco_ as dúas cousas porque empecei aos poucos porque_ fun aprendendo aos poucos pero houbo un momento en que dixen ou me falas ti en catalán ou se non a ver con quen vou cambiar falar en catalán
 ENT ou sea [é unha decisión absoluta @]
 MAX [porque non, si @]

Respecto da adquisición da lingua catalá, a maior parte dos galegos deste estudo manifestan ter competencias receptivas e productivas. Aínda así, algúns expresan unha certa inseguridade para falalo. Practicamente ningún deles aprendeu a lingua a través de cursos nin clases de ningún tipo; na aprendizaxe da lingua foi importante, ademais da parella, o traballo ou a rede social de amigos. Un contexto de amizades catalá que non se preste a alterar os seus hábitos lingüísticos perante falantes doutra lingua pode influír decisivamente na adquisición da lingua autóctona nos de fóra do país.

- [GL05, 52]
 MAO sí sí\ el va venir a demanar feina allà on jo feia feina i era en castellà clar (.) li va costar un poc un any i pico que era aquí però clar si tu coneixes a sa gent mallorquina i es mallorquins tenim o: (.) pens que és un defecte però con jo xerr amb un altre mallorquí castellà no en sé\ perquè per educació hauríem de xerrar si sats que aquela persona no t'entén però [...] no canviàvem con mos dirigiem a el sí però quant xerràvem entre naltros no\ i clar\ el va ver d'espavilar\
 ENT [...]

Por moito que haxa manifestacións como a anterior nas que aínda se cita o criterio de educación, os autóctonos teñen moi claro que son as persoas de fóra quen deben facer o esforzo de entender a lingua do país para non interferir no funcionamento dun ámbito lingüístico determinado.

[GL05,118]

MAO però també consider que som a Mallorca i es que venen són els qui s'han d'adaptar a noltros\ no noltros a els [...] jo me n'he anat a Alemanya i m'he hagut d'espavilar amb alemany \ a jo ningú m'ha xerrat ni una paraula d'espanyol \ me n'he nat a Inglaterra i m'ha passat lo mateix

Por último, veremos as parellas que tamén fan as **interaccións en dúas linguas**, pero neste caso, **catalán e castelán**. Unha das principais razóns aducidas polos galegos para manter o castelán como lingua de comunicación no núcleo familiar é a inseguridade por falta de dominio da lingua (GL06); noutras entrevistas (GL07) non quedan explicitados os motivos, pero é moi probable que sexan os mesmos.

[GL06, 86]

CAT sí\ ho entén_ el sap llitgir_ i el llitgeix a la seva manera_ però ho entén tot i això_ el diu que per xerrar-lo no\ per xerrar-lo malament no el vol xerrar\

[GL07, 44-52]

MV jo li xerrava es castellà_ el no entenia es mallorquí\
 ENT i:_
 MV ell contestava en castellà\
 ENT i:_ has canviat mai/ has deixat de xerrar-li es castellà/
 MV sí\ io sí\ ara li xerr en mallorquí\ perquè l'entén\ lo que ell no el vol xerrar\
 ENT el no el xerra\
 MV no el xerra\ (.) però l'entén_
 ENT i:_ a partir de quin moment vas començar a xerrar-li mallorquí/
 MV después d'havemos casat ja:_ ja li vaig xerrar mallorquí\ jo no li vaig xerrar en castellà\

5. USOS LINGÜÍSTICOS COS FILLOS

Antes de pasarmos a comentar os diferentes usos lingüísticos que os pais teñen cos fillos, debemos mencionar cales son os dous tipos principais de prácticas lingüísticas que se poden xeneralizar nos casos de multilingüismo social e familiar: as prácticas plurilingües e as prácticas monolingües. Englobamos baixo prácticas plurilingües aquelas en que cada proxenitor fala unha lingua diferente ou aquelas en que hai unha lingua dominante malia isto non excluír a presenza doutras linguas no ámbito familiar. Por prácticas monolingües entendemos aquelas en que ambos os dous proxenitores se dirixen aos fillos na mesma lingua.

5.1. Sistema lingüístico do núcleo familiar

Cando os futuros pais proceden de orixes lingüísticas diferentes e, polo tanto, na parella se deron situacións diversas de acomodación no tocante ás linguas da interacción cotiá, o nacemento dun fillo supón unha mudanza na estrutura familiar que incide na dinámica interna do seu sistema lingüístico e pode causar unha reorganización do mesmo. Diante deste feito, advírtense dous tipos de actuación: parellas que consideran que deben negociar as linguas que falarán cos fillos, e outras que nin sequera pensan niso. Polo tanto, hai uns pais que fixeron unha escolla consciente (GL01, GL02), mentres outros lles falan aos fillos de forma espontánea e persoal (GL04).

[GL01, 743-750]

ENT (.) como lles empezastes a falar/ ou sexa xa empezastes segundo naceron, empezastes a falar con eles/
 MAX galego e catalán
 ENT (.) foi foi froito dunha decisión [falada entre vós/
 MAX [si] si
 ENT a anterior antes de_ de nacer ... (el primer fill)
 MAX si\
 ENT (.) fo:i fácil chegar a esta [decisión/
 MAX [si] [foi moi fácil]

[GL04, 917-930]

ENT com li vau començar a parlar/
 ROS jo en català\ (.) {(P) sempre\
 FER castellano\
 ENT i això eh_ va ser fruit d'una decisió/ vull dir
 FER no\
 ENT vosaltres ho vau parlar quan_
 FER no\
 ROS no\
 FER s:urt sale sale así\
 ROS sí no_
 FER empiezas y ya es una, continuás\
 ENT o sigui no vau decidir
 ROS [no]
 FER [no]

5.2. Transmisión do galego aos fillos

Das sete parellas entrevistadas, dúas declararon que o proxenitor galego non fala nunca en galego cos fillos (GL05, GL07), mentres que nas outras cinco familias existe unha presenza do galego en diferentes graos: o proxenitor galego fala habitualmente en galego cos fillos en dous deses casos, e nos outros tres a presenza do galego é esporádica.




GRÁFICO 2. TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL DO GALEGO NAS PARELLAS LINGÜÍSTICAMENTE MIXTAS CATALÁN/GALEGO.

Cabe destacar que nun dos casos en que o galego ten presenza esporádica (GL02), a nai (galega) optou por falarlle catalán á súa filla, malia as súas linguas habituais seren o galego e o castelán.

[GL02, 1007-1012]

ENT ou sexa, que foi froito dunha decisión\
 MAR si si, falamos, falamos
 ENT e foi e_
 MAR e sobre todo pola miña parte porque_ a miña lingua habitual non é o catalán\ eu falo entre galego e castelán falo máis eso que catalán
 ENT e_ foi_ foi fácil poñervos de_ de acordo ou/
 MAR si [si si si]

Sorprende que unha persoa con este nivel de concienciación deixe a lingua galega de banda, e de feito, non é exactamente así. O que fai esta informante é distribuír os espazos lingüísticos de forma territorial, pois ela fala galego coa súa filla en Galicia, onde se traslada a miúdo a unidade familiar. É dicir, en Galicia a dinámica lingüística da familia aumenta a súa complexidade cunha alteración de código por parte da nai: a parella continúa empregando o castelán nas súas interaccións, pero coa filla o pai fala catalán e a nai, galego.

[GL02, 989-996]

ENT e túa nai sempre lle fala en galego
 MAR si i eu tamén\ cuando estou alí [Galicia] siempre\
 ENT e cando estás alí ti [falas con ela sempre en galego/]
 MAR [sempre si si si] xa desde moi pequeniña xa lle_ xa quedamos neso
 ENT e cando está Xavier (o pai) / igualmente
 MAR igual\ eu sempre lle falo en galego alí ademais sáeme rar eh: ademais eu creo que lle vai moi ben
 ENT claro que lle [vai ben]
 MAR [entédeo] perfectamente\ pero desde moi pequeniña xa o entende\
 ENT e túa nai sempre lle fala en galego

Son dúas as parellas (GL01, GL03) que optaron pola modalidade un proxenitor, unha lingua: catalán/galego. Nos dous casos a lingua habitual de comunicación na parella é o

catalán, mentres que o galego entrou a formar parte do sistema lingüístico familiar coa chegada dos fillos. Na parella (GL03), a razón aducida polo pai foi a súa comodidade de expresarse na lingua primeira (o galego). A nai desta parella demostra unha alta conciencia do valor das linguas para o mundo actual. O pai tamén adquiriu un grao elevado de concienciación cara ás linguas, sobre todo a partir do seu traballo sindical nos anos 80, no que se atopou mergullado nunha defensa firme do catalán. Daquela decatouse da importancia de reivindicar as linguas autonómicas e, xa que logo, o galego.

[GL03, 849]

ELV sí sí\ home jo ja li vaig dir que home jo li parlaré en català\ diu «és que a mi m'agradaria parlar-li en gallec perquè clar em sento més còmodo parlant-li en la meua llengua» dic «vale pues tu parla-li en gallec i jo li parlo en català\ ella ja aprendrà totes les llengües que hagi d'aprendre després ja les aprendrà\ però com a mínim la materna i la paterna que les tingui no/»

Canto á parella GL01, con dous fillos, a decisión que se tomou antes de nacer o primeiro mantívose co segundo. O pai fala con eles en catalán e a nai en galego. Aquí no houbo ningún tipo de xustificación. Aínda que foi unha cuestión falada entre a parella, non se precisaron argumentos para defender a súa opción. Cabe mencionar que os cónxuxes teñen contacto persoal e profesional coas linguas minorizadas; a defensa da diversidade lingüística é inherente ao seu traballo.

6. COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DOS FILLOS

A seguir expoñemos os resultados dos usos lingüísticos familiares na competencia lingüística dos fillos, centrándonos especialmente na súa competencia en galego. Non nos limitaremos unicamente a destacar os usos activos da lingua senón que valoraremos as diferentes competencias, produtivas e receptivas, adquiridas polos rapaces no seo da familia e ás influencias cruzadas dos entornos de amizades e escolares. No gráfico 3 podemos observar a distribución das familias segundo a estimación do nivel de competencia en galego dos fillos.




GRÁFICO 3. COMPETENCIAS EN GALEGO DOS FILLOS DE PARELLAS LINGÜÍSTICAMENTE MIXTAS CATALÁN/GALEGO.

En primeiro lugar, hai que dicir que todos os fillos das parellas mixtas catalán/galego teñen plenas competencias en catalán (táboa 2), cadaquén segundo a súa idade. Mesmo rexistramos o caso dunha filla que usa o catalán para a comunicación cos dous proxenitores malia o pai falarlle en galego (GL03); para ela non representa ningún problema manter conversas bilingües galego/catalán co pai. Este caso tamén se dá nunha das familias de Mallorca, aínda que aquí o pai fala alternativamente castelán e galego.

TÁBOA 2. COMPETENCIAS EN CATALÁN E CASTELÁN DOS FILLOS DE PARELLAS MIXTAS CATALÁN/GALEGO

CATALÁN	CASTELÁN
Competencias productivas	Competencias receptivas
GL01	GL01
GL02	GL02
GL03	GL03
GL04	GL04
GL05	GL05
GL06	GL06
GL07	GL07

En xeral, o entorno escolar, os barrios onde viven e as redes sociais de amizades inciden no uso decisivo do catalán por parte dos fillos destas parellas. De todos os xeitos, no caso de GL01, non se produce unha converxencia cara ao catalán senón que os fillos manteñen o bilingüismo (catalán e galego) nas interaccións diarias cos pais. De feito, esta é a única familia de todas as que rexistramos en que os fillos teñen un dominio activo do galego e ademais úsano habitualmente. Polo contrario, atopamos que nas dúas familias nas que non hai ningún tipo de transmisión en galego –nin sequera esporádica– os fillos non teñen ningunha competencia nesta lingua (GL05, GL07). Non hai que esquecer, porén, que o proxenitor non é o único medio de transmisión da lingua de orixe, senón que a rede familiar galega é un factor relevante. O comportamento lingüístico da familia do proxenitor galego, nestes últimos casos, ao establecer as interaccións cos nenos en castelán, non favoreceu a adquisición da competencia pasiva en lingua galega.

[GL05, 22-27]

ENT i:_ es teu homo_ d'on és/

MAO gallego\

ENT gallego\ (.) i:_ parla gallec o:/

MAO e::_ parla mallorquí\ @ sí\ en es nins no els hi ha xerrat mai en gallec\ mai\ que jo li he dit que ha fallat aquí\ perquè també pens que hauria d'haver ensenyat sa seva llengo materna a n'es nins\ mal x que es nins xerrin mallorquí\

ENT sa seva materna és es gallec\
 MAO és gallec\ però es nins no el saben

Nas familias en que se optou pola modalidade de transmisión ‘un proxenitor/unha lingua’ (catalán/galego) (GL01, GL03), o resultado non foi a competencia activa da lingua nos dous casos, senón só no (GL01). Cales son as diferenzas máis evidentes entre as dúas parellas? En primeiro lugar, a lingua da nai: catalán na parella GL03 e galego na parella GL01. En segundo lugar, o número de fillos; mentres que GL03 só teñen unha filla, GL01 teñen dous nenos. Canto aos puntos en común, nos dous casos existe un contacto estreito coa familia galega e fan estadias como mínimo anuais en Galicia, onde desde cativos os fillos estiveron expostos á lingua galega mediante a relación con outra xente do país, externa ao sistema familiar. Vemos así como a nai se consolida como factor clave na transmisión da lingua e tamén parece que o feito de ter irmáns pode favorecer as interaccións en galego, como en GL01. Neste caso a nai opina que na conduta lingüística dos seus fillos pode influír por unha banda, un maior número de horas de exposición á lingua galega (pasan máis tempo coa nai que co pai); e por outra, que o entorno escolar catalán non incide aínda no fillo máis novo.

[GL01, 782- 788]

MAX si\ que era unha das preguntas que tiñamos nós a ver estes cando empezan a falar entre eles
 ENT [que interesante si]
 MAX [en que lingua escollerán pra falar entre eles] pois de momento máis en galego
 ENT ah, iso é moi interesante
 MAX supoño [que se debe]
 ENT [...]
 MAX a que están máis horas comigo na casa\

Finalmente, as familias cuxos fillos só teñen competencias receptivas son tres: GL02, GL04, GL06. Aquí atopámonos con dúas situacións ben diferentes. No caso de GL02 hai transmisión do galego en Galicia pero non en Cataluña, e ademais, hai a influencia decisiva da figura da avoa que só lle fala galego. Nos outros dous casos, o proxenitor galego (o pai) interacciona en castelán cos fillos e mestura o galego en diferentes graos.

7. CONCLUSIÓNS

Cataluña, país plenamente plurilingüe, cun marco lingüístico legal semellante ao de Galicia pero no que a defensa da lingua propia ten un peso importante, mostrouse como un espazo ideal para estudar as decisións dos inmigrantes galegos respecto á súa lingua primeira, o galego. E dentro do contexto da inmigración galega, púidose comprobar neste estudo a pertinencia de investigar o ámbito das parellas etnolingüísticamente mixtas catalán/galego xa que

nos permitiron coñecer ata que punto o galego ten presenza no ámbito familiar destas parellas e, sobre todo, que acontece coa transmisión da lingua aos fillos.

A nivel global apréciase unha diferenza notable de actitude cara ás linguas castelá, catalá e galega entre os nosos informantes e os dos estudos anteriores (apartado 3). Agora ben, hai que advertir que ese cambio non produce os mesmos efectos en todas as interaccións lingüísticas das sete parellas e na transmisión aos fillos.

Os nosos resultados mostran que o sistema lingüístico das unidades familiares responde maioritariamente a prácticas plurilingües. De feito, entre os informantes, só unha familia é monolingüe en catalán. No resto empréganse dúas linguas (castelán e catalán, ou catalán e galego), ou tres (catalán, castelán e galego).

Todas as parellas iniciaron as súas relacións en castelán debido ao descoñecemento do catalán pola parte galega, mais esta situación inicial común mantívose posteriormente só en dous dos casos; mudou ao catalán en tres, ou derivou en castelán/catalán nos dous restantes. A razón principal declarada para manter as interaccións en castelán é o hábito que se reafirma como elemento de creación de condutas. Somos o que facemos, e mudar os hábitos require violentar o acoplamento establecido a través de milleiros de recursividades lingüísticas; o esforzo consciente que iso suporía non todos están dispostos a asumilo. Cando a lingua de comunicación habitual da parella mudou para o catalán, os axentes do cambio sempre foron as mulleres, autóctonas ou galegas. Os factores decisivos aquí son a concienciación cara ás linguas minoritarias e un entorno de defensa do catalán. No que fai ás parellas bilingües catalán-castelán, o que declaran como xustificación desta práctica é a inseguranza da parte galega para falar catalán.

Cos fillos, o sistema lingüístico familiar incrementa a complexidade e as posibilidades combinatorias ampliáanse. En todos os casos deste estudo queda garantida a transmisión interxeracional do catalán, pero só en dúas parellas o proxenitor galego lles fala nesta lingua aos fillos. Con todo, hai presenza esporádica do galego noutras tres familias, e isto xunto coa relación estreita con Galicia, garante a adquisición de competencias receptivas.

Como estes rapaces e rapazas están plenamente integrados na sociedade plurilingüe catalá, deberíamos preguntarnos se o feito de ter proxenitores de linguas diferentes aumenta o seu potencial de recursos lingüísticos. Pois ben, o que atopamos é que uns mozos que poderían ser trilingües iniciais (catalán/galego/castelán) en moitos casos non adquiren competencias productivas en galego, e algúns deles mesmo non chegan a adquirir nin sequera competencias receptivas. No momento actual, que algúns proxenitores galegos non empreguen o galego cos fillos nin de forma esporádica delata a pervivencia dos antigos prexuízos sobre o galego.

Aínda que nas condutas lingüísticas das parellas mixtas catalán/galego, non se dá en ningún caso a modalidade bilingüe catalán e galego, e si a catalán e castelán, é preciso puntualizar que en xeral non se percibe a hipervaloración do castelán que se reflectía con claridade noutros inmigrantes galegos en Cataluña, tanto de primeira coma de segunda xeración (apartado 3). A variable identitaria que explicaba para nós esa sobrevaloración da lingua castelá, desapareceu no contexto das parellas mixtas, nas que os fillos non exhiben –cando menos polo de agora– baleiros identitarios.

Hai que salientar o papel decisivo da nai na conformación e dinámica do sistema lingüístico da unidade familiar. A muller confirmase como o axente de cambio e indución de prácticas lingüísticas cara ao catalán e tamén cara ao galego.

O núcleo familiar é sen dúbida o contexto primario de socialización dos nenos desde o momento do seu nacemento e polo tanto ten un papel fundamental na transmisión lingüística, pero non se debería esquecer que non é o único axente desta transmisión, xa que o medio no que os nenos medran tamén inflúe neles de maneira determinante. Así, aínda que se podería chegar á conclusión de que o galego perde vitalidade de xeración en xeración nalgunhas familias etnolingüísticamente mixtas dos países de fala catalá (de maneira semellante ao que acontece en Galicia), hai que ter en conta que mesmo unha presenza mínima do galego no núcleo familiar pode favorecer que as novas xeracións se interesen pola lingua cando son máis adultos. Toda medida de dinamización lingüística que se tome podería resultar máis eficaz en individuos que teñen algunha presenza da lingua galega na súa familia aínda que as competencias lingüísticas só sexan receptivas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Boix, E. (1993). *Triar no és trair. Identitat i llengua en els joves de Barcelona*. Barcelona: Edicions 62.
- (1996). *Representació social de la transmissió lingüística intergeneracional en parelles lingüísticamente mixtes de la regió metropolitana de Barcelona*. Manuscrito no publicado.
- (1997). Ideoloxías lingüísticas en familias lingüísticamente mixtas (catalán-castellano) en la región metropolitana de Barcelona» en K. Zimmerman i C. Bierbach, (eds), *Lenguaje y comunicación intercultural en el mundo hispánico*. Frankfurt: Vervuert.
- Comisión Europea (2009). *Multilinguismo. Uma ponte para a compreensão mútua*. Luxemburgo: Servizo das Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas
- Ellis, E.M. (2009). «Defining and investigating monolingualism», en *Sociolinguistic Studies* Vol. 2, No. 3 (2009).
- Hammer, D. e A. Wildavsky. (1990). «La entrevista semiestructurada de final aberto. Aproximación a una guía opeativa», *Historia y fuente oral*, 4: 23-57.
- Labraña, S. (1999). «Prexuízos lingüísticos e identificación social». En R. Álvarez e D. Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico de Universidade de Santiago de Compostela, 519-532.
- (2000). «Identidade e usos lingüísticos. Segunda xeración de inmigrantes galegos en Catalunya». En I. de Riquer, E. Losada e H. González (eds.), *Ensinar a pensar con liberdade e risco. Homenaxe ao profesor Basilio Losada*. Barcelona: Publicacions de la Universitat de Barcelona., 463-471.
- Massip, A. (2008). «Llengua, identitat i cultura: de la cognició a la societat». En Massip (coord.), *Llengua i identitat*. Barcelona: Publicacions i Edicions de la Universitat de Barcelona.

- Nogueira, X. (2005). «Os galegos en Catalunya, ¿cantos somos, de onde vimos, onde residimos, en que traballamos?» En *reNova Galiza*, 1, 22-23.
- Pennycook, A. (2001). *Critical Applied Linguistics. A Critical Introduction*. Mahwah, New Jersey e Londres: Lawrence Erlbaum.
- Vila, X. e S. Vial (2003^a). *Les pràctiques lingüístiques dels escolars catalans: algunes dades quantitatives*. [Disponible en <http://www.ub.edu/cusc/>]
- (2003b). «Models lingüístics escolars i usos entre iguals: alguns resultats des de Catalunya». En J. Perera (ed.) *Plurilingüisme i educació: els reptes del segle XXI*. Barcelona: ICE, 207-216.

APÉNDICE

Convencións de transcripción

Intensidade forte- {(F) texto afectado}

Intensidade frouxa- {(P) texto afectado}

Alargamento breve, mediano ou longo- te:xto te::xto te:::xto

Riso simultáneo ao discurso- {(@) texto afectat}

Riso non simultáneo- texto afectado @

Pausas (.) (..) (...) aproximadamente un segundo por cada punto

Encabalgamento- [texto afectado]

Comentario do transcritor- (comentario)

Dúvidas sobre o texto transcrito - {(??) texto afectado}

Fragmento inintelixible, un signo por sílaba- x

Cita «texto afectado»

Alternanza de linguas- {(L2) texto afectado}. Este último símbolo vaise substituir no presente artigo por cursivas.